

En Rexenerando queremos ser máis!

#economiasocial #participación #cultura #igualdade #facilitaciondegupos

Quen somos?

Somos Rexenerando, unha cooperativa sen ánimo de lucro afincada en Ferrol dende 2014. Dende aquí, un equipo multidisciplinar de persoas desenvolvemos proxectos arredor de tres eixos de traballo: igualdade de xénero, participación social e cultura.

Aspiramos a ser unha entidade de referencia no traballo con grupos e comunidades no marco da economía transformadora, con vocación de contribuír á construción de comunidades máis resilientes, democráticas e xustas. Ao tempo que soñamos con termos unhas condicións laborais dignas para nós e para toda a rede que nos sostén. Traballamos cos seguintes principios e valores compartidos e que procuramos que se manifesten en todo o que facemos:

- Feminismos e fomento da equidade
- Respecto á diversidade
- Recuperación das memorias subalternizadas
- Creación de espazos para as voces marxinalizadas
- Democracia profunda
- Defensa da nosa lingua e culturas propias
- Sustentabilidade ambiental e vital
- Compromiso e honestidade coas persoas que traballamos
- Innovación e mellora continua

Se queres saber algo máis do que facemos, podes consultar a nosa [web](#) e os nosos perfís en [Facebook](#) e [Instagram](#).

Que estamos a buscar?

Para reforzar o noso equipo de traballo neste ano 2022 buscamos unha persoa implicada, que complemente os nosos saberes, que comparta a nosa mirada, da que poder aprender e coa que reforzar o noso proxecto a medio prazo.

O perfil profesional e académico ideal sería o dunha **técnica de proxectos, licenciada ou graduada en ciencias sociais** (socioloxía, políticas, educación social ou afíns) e experiencia na coordinación, deseño e desenvolvemento de políticas públicas, proxectos, socio-educativos e procesos participativos. É importante tamén contar con carné de conducir, coche propio e dispoñibilidade para desprazamentos.

A transversalidade do principio de igualdade é moi importante nos nosos traballos polo que contar con **formación regrada en igualdade de xénero** e perspectiva feminista é fundamental. Ademais, requírese unha boa expresión oral e escrita en galego e o uso dunha linguaxe inclusiva.

En definitiva, a persoa que encaixará no noso equipo será unha persoa versátil e con motivación, con experiencia na xestión de proxectos, con capacidade e interese tanto na investigación como na

intervención e no traballo con grupos. Unha persoa con enerxía e resolutive, creativa e con capacidade pedagóxica, así como formada en técnicas e ferramentas de xestión grupal ou, polo menos, con vontade de formarse nese ámbito.

Que agardamos de ti?

Unha vez incorporada ao noso equipo contaremos contigo para a execución dos proxectos que temos en marcha, fundamentalmente relacionados coa **participación cidadá** (atención a entidades asociativas; elaboración de propostas de actividades; preparación e facilitación de asembleas; investigación participativa; elaboración de informes, etc) e a **igualdade de xénero** (coordinación de proxectos; elaboración de plans; deseño metodolóxico e de contidos; obradoiros en centros educativos e sesións de formación para familias, etc.)

Que podemos ofrecer?

- Incorporación inmediata
- Contrato como educadora social e salario segundo Convenio de Educación Social
- Xornada completa (34 h.)
- Contratación indefinida cun período de proba de 6 meses
- Posto de traballo presencial, no noso local en Ferrol, na rúa María, 94. En todo caso e sempre que os proxectos o permitan, parte da xornada podería ser de teletraballo.
- O noso horario é de 9.30 a 14.30 luns e venres, e de 9.30 a 14.30 e de 16.30 a 19.30, martes, mércores e xoves. En todo caso, e con flexibilidade, este horario acostuma a sufrir cambios para adaptarnos ás necesidades dos proxectos.
- A oportunidade de incorporación a un proxecto de economía social
- A participación en proxectos para a transformación social nunha entidade con valores
- O coidado nos procesos internos de traballo, con atención a xerar un bo clima laboral

Como enviar a túa candidatura?

Se pensas que podes encaixar no noso equipo, fainos chegar a túa candidatura por medio do seguinte [formulario](https://cutt.ly/fAlsobb) (<https://cutt.ly/fAlsobb>). A **data límite** para a recepción de candidaturas é o **mércores 23 de marzo ás 14:00 h.**

Tras unha primeira fase de valoración de curriculum, contactaremos con aquelas persoas que pasarán a unha segunda fase de entrevista persoal.

Grazas polo teu interese. Manterémoste informada da evolución do proceso.